

## O verbo regular

Como xa indicamos anteriormente, o verbo regular é aquel que conserva **inalterada a raíz** en todos os tempos e modos.

Así e todo, hai unha serie de verbos que alteran o vocalismo da raíz (os coñecidos como *verbos con alternancia vocálica*), e que seguimos considerando regulares, pois as irregularidades son mínimas e só afectan ao presente de indicativo e subxuntivo e ao imperativo. A este grupo de verbos hai quen os denomina *verbos semirregulares*. Na marxe tes a relación destes verbos, e nas páxinas do apéndice gramatical atoparás os seus modelos de conjugación.

## **Estrutura**

Podemos sinalar os seguintes elementos constitutivos dos verbos regulares: *tema* (raiz ou lexema + vogal temática) + *morfemas flexivos* (morfema de modo e tempo + morfema de número e pessoa). Esquematicamente, T (R + VT) + MF (MMT + MNP).

TEMA (T)		MORFEMAS FLEXIVOS (MF)	
RAÍZ (R)	VOGAL TEMÁTICA (VT)	MODO E TEMPO (MMT)	NÚMERO E PERSOA (MNP)
<i>and-</i>	<i>-a-</i>	<i>-ba-</i>	<i>-s</i>
<i>varr-</i>	<i>-e-</i>	<i>-re-</i>	<i>-des</i>
<i>part-</i>	<i>-i-</i>	<i>-rá-</i>	<i>-n</i>

- **Raíz (R).** Acheva o significado léxico. É o único elemento imprescindible en calquera verbo e ademais é invariable, agás algúns cambios de acento (*cant-as*, *cant-abas*) ou grafía (*parez-o*, *parec-es*).
  - **Vocal temática (VT).** Clasifica os verbos en tres conxugacións: *and-a-r* (1.<sup>a</sup> conx.), *varr-e-r*, (2.<sup>a</sup> conx.) e *part-i-r* (3.<sup>a</sup> conx.).
  - **Morfema de modo e tempo (MMT).** Indica o modo (indicativo, subxuntivo...) e o tempo (presente, futuro...) das formas verbais: *and-a-ba-s* (copretérito indicativo), *varr-e-re-des* (futuro indicativo), *part-i-se-n* (pretérito subxuntivo)...
  - **Morfema de número e persoa (MNP).** Sinala a persoa gramatical suxeito da acción verbal: *and-ø-ø-o* (P1), *and-a-ø-s* (P2), *and-a-ø-ø* (P3), *and-a-ø-mos* (P4), *and-a-ø-des* (P5), *and-a-ø-n* (P6).

Nalgúns casos, os MMT e MNP non aparecen expresos: *varr-e-Ø-s* (P2 presente indicativo: MMT Ø), *part-f-a-Ø* (P2 copretérito indicativo: MNP Ø), *and-a-Ø-Ø* (P3 presente indicativo: MMT e MNP Ø).

## **As formas a modotemporais**

Todos os verbos posúen unhas formas que carecen de determinación de tempo e modo (de aí o nome de *amodotemporais*) e tamén de número e persoa, agás o infinitivo conxugado (de aí a denominación de *formas non-persoais*, como tamén son coñecidas). Estas formas son o infinitivo, o xerundio e o participio.

### *O infinitivo*

O infinitivo é a forma verbal que presenta unha acción indicando a súa **esencia** e non o seu proceso (o seu morfema específico é **-r: andar**). Achégase pois á categoría do **substantivo**.



#### **verbos con alternancia vocálica**

- Alternancia /el/, /e/ como en *bebér* (*bebo, bebés, bebe, bebedes, beben*). Alternancia /ol/, /ɔ/ como en *comer* (*como, comes, come, comemos, comedes, comen*).

Conxúganse como **beber**: erguer, esquecer, ferver, meter, remexer... Seguen o modelo de **comer**: cocer, colher, correr, morrer.

- Alternancia /i/, /ɛ/, /e/ como en servir (*sirvo*, *serves*, *s'erve*, *servimos*, *servides*, *serven*).

Conxúganse como ***servir***: *consentir, ferir, mentir, seguir, sentir...*

- Verbos que trocam o /e/ en /i/ como *advertir* (*advierto*, *advirtes*, *advirte*, *advertimos*, *advertides*, *advirtan*).

Conxúganse como **advertir**: divertir, medir, pedir, preferir, vestir...

- Verbos con alternancia /u/, /ɔ/ como en *durmir* (*durmo*, *dormes*, *dorme*, *durmos*, *dormis*, *dormen*).

Conxúganse como ***durmir***: *cubrir, fuxir, lucir, subir, sufrir...*



#### *Comer, comendo, comido*



Nalgúns casos, o infinitivo transcategorízase nun substantivo, polo que pode ir acompañado de determinantes e/ou de modificadores:

*Entre o **correr** e o **parar** hai o **camiñar**.*

O infinitivo galego presenta dúas formas: unha **invariable** e outra **conxugada**. A forma conxugada está constituída pola invariable mais os sufíxos de número e persoa:

- **Forma invariable** (infinitivo non-persoal): *andar*.
  - **Forma conjugada** (infinitivo persoal): *andar, andares, andar, andarmos, andardes, andaren*.

Seguidamente aparecem sintetizados os usos do infinitivo conjugado e do infinitivo invariável.

## USO DO INFINITIVO CONXUGADO

*Debe usarse siempre*

- Cando ten un suxeito expreso, distinto ao do verbo principal: *Deivos eses cartos para comprardes leite e pan.*
  - Cando o suxeito, sendo distinto ao do verbo principal, non está expreso e deséxase expresalo: *Cómpre chegarmos a un acordo hoxe mesmo.*
  - Cando o infinitivo vai introducido por unha preposición e ten suxeito propio, ainda que coincida co do verbo principal: *De chegarantes antes fai ti a comida.*

*Pode usarse tamén*

- Cando, áinda tendo o mesmo suxeito ca o verbo principal, vai posposto a el e a bastante distancia: *Intentaremos, con todos os medios possibles, conseguirmos* os obxectivos.
  - Cando vai anteposto ao verbo principal: **Chegares** foi unha festa.
  - Cando indica a indeterminación do suxeito na P6: O árbitro non deixou **disputaren** o partido.

## USO DO INFINITIVO INVARIABIL

*Debe usarse siempre*

- Cando forma parte dunha perífrase verbal: *Tedes que traballar máis.*
  - Cando está rexido por un verbo modal (*deber, poder, querer...*), sensitivo (*escutar, sentir, ver...*) ou causativo (*mandar, fazer, permitir...*). Deixouvos dormir na súa casa.

O xerundio

O xerundio é a forma verbal que presenta a acción no seu **proceso**, que se está a realizar (o seu morfema específico é *-ndo*: *andando*). En moitos aspectos, o xerundio está próximo ao **adverbio**.

*Sabela entrou sorrindo.* → (alegremente)  
xerundio adverbio

O máis habitual é que o xerundio exprese unha acción simultánea á do verbo principal (no exemplo anterior: *Sabela entrou + Sabela sorriía*), mais nalgúns casos pode referirse a unha acción anterior (*Traballando moito e gastando pouco, puiden xuntar para unha viaxe*).



*De chegares antes, fai ti a comida.*

## O infinitivo xerundial



Nalgúns contextos, a estrutura formada pola preposición *a* mais un infinitivo pode equivaler a un xerundio, de aí a denominación de *infinitivo xerundial*. Constitúe outro trazo característico do noso sistema verbal que debemos potenciar.

*Os nenos están a xogar.  
/ Os nenos están xogando.*

## O participio

O participio é a forma verbal que presenta unha acción no **remate do seu proceso**. O seu morfema específico é normalmente *-d-* (*andado*); mais o participio é a única forma amodotemporal que admite morfemas de xénero e número (*-o*, *-a*, *-os*, *-as*). Daquela podemos dicir que se aproxima ao **adxectivo**.



FÍXATE

Verbos con dobre participio

	Participio regular	Participio irregular
absolver	absolvido	absolto
acender	acendido	aceso
calmar	calmado	calmo
cansar	cansado	canso
ceivar	ceibido	ceibo
comer	comido	comestío
converter	convertido	converso
corromper	corrompido	corrupto
disolver	disolvido	disolto
elixir	elixido	electo
encher	enchido	cheo
enxugar	enxugado	enxoito
erguer	erguido	ergueito
fartar	fartado	farto
fixar	fixado	fixo
fritir	fritido	frito
gastar	gastado	gasto
imprimir	imprimido	impreso
limpar	limpado	limpo
murchar	murchado	murcho
nacer	nacido	nado
ocultar	ocultado	oculto
pagar	pagado	pago
prender	prendido	preso
recluir	recluído	recluso
recoller	recollido	recolleito
resolver	resolvido	resolto
revolver	revolvido	revolto
romper	rompido	roto
salvar	salvado	salvo
torcer	torcido	torto

A súa lesión é **finxida**. (falsa)  
participio adxectivo

Así e todo, se o participio forma parte dunha perífrase verbal, permanece invariábel na forma masculina singular: *Ana non deu enviado todos os paquetes*.

A maioría dos verbos presenta unha forma de **participio regular**. Pero algúns teñen un **participio irregular**, como os seguintes e os seus derivados:

abrir → <i>aberto</i>	facer → <i>feito</i>
cubrir → <i>cuberto</i>	morrer → <i>morto</i>
dicir → <i>dito</i>	poñer / pór → <i>posto</i>
escribir → <i>escrito</i>	ver → <i>visto</i>

Outro grupo de verbos teñen **dobre participio**, un regular e outro irregular. O participio regular úsase fundamentalmente nas perífrases verbais, incluída a pasiva (*O cuarto foi limpado por André*); o irregular emprégase habitualmente cando ten valor adxectivo (*O cuarto está limpo*). No cadro da marxe podes ver algúns exemplos destes verbos con dous participios.

## As perífrases verbais

As perífrases verbais son estruturas formadas por dous verbos que constitúen sintacticamente un único núcleo do predicado e expresan unha única idea verbal; é dicir, actúan como un único verbo. Estas estruturas están formadas por un **verbo auxiliar** en forma persoal e un **verbo auxiliado** en forma amodotemporal (*infinitivo*, *xerundio* ou *participio*), entre os que pode aparecer un **elemento de relación** (*preposición* ou *conxunción*).

**Leva andado** moitos quilómetros.

verbo auxiliar + verbo auxiliado

**Andan a enredar.**

verbo auxiliar + elemento de relación + verbo auxiliado

Dos dous verbos, o **auxiliado** (*andado*, *enredar*) é o portador do significado léxico, mentres que o auxiliar (*leva*, *andan*) achega as nocións de tempo-modo e número-persoa.

Debemos distinguir entre *perífrase verbal* e *complexo verbal*. Nas perífrases, o verbo auxiliar perde total ou parcialmente o seu significado primeiro, polo que a estrutura adquire unha nova significación.

Os complexos verbais son simples encontros de verbos e, neles, cada forma mantién o seu significado propio. Nos complexos, a forma non-persoa pode substituirse por un pronomé ou por un adverbio.

**Parece que quiere chover.**

[PERÍFRASE VERBAL → O verbo *querer* perde o significado de ‘desexar’; o novo significado expresa o valor de futuridade inminente.]

### **Quere chegar** a Compostela.

[COMPLEXO VERBAL → O verbo *querer* conserva o seu significado propio de ‘desexar’. Por outra parte, o infinitivo *chegar* podémolo substituír por un pronome: *Quere iso /Quéreo.*]

A sinxeleza da conxugación verbal do galego compénsease cun rico sistema de perifrases, de gran rendemento expresivo e estilístico. Segundo a súa significación, podemos clasicalas en *temporais*, *modais*, *aspectuais* e *pasiva*.

Respecto das aspectuais é preciso destacar que o seu maior número, en comparación coas outras dúas, débese a que esa noción referida ao proceso da acción verbal non ten expresión no verbo mediante desinencias verbais e o sistema perifrástico permite unha ampla expresión de significados.

## **Erros e interferencias habituais no uso do verbo**

Todos sabemos que as linguas que conviven nun mesmo territorio poden interferir mutuamente. Para evitar os erros que esas interferencias poden comportar, lembramos agora, a xeito de recapitulación, algúns dos aspectos diferenciais do sistema verbal galego con respecto ao do castelán.

— En galego non existen tempos compostos formados co verbo *haber* mais participio.

\**Iso xa llo* había dito *eu.* → *Iso xa llo* dixerá *eu.*

Ás veces inténtase galeguizar o tempo verbal composto propio do castelán cambiando *haber* por *ter* (*Iso xa llo tiña dito eu*), o que constitúe un erro na mayoría das veces, pois debemos ler en conta que a perifrase verbal *ter + participio* ten en galego un matiz reiterativo.

— Son verbos regulares en galego:

- O verbo *andar*: \*andiven → *andei*, \*andivemos → *andamos...*
- Os rematados en *-ecer* e en *-ucir* (*aparecer, coñecer, obedecer..., conducir, producir, traducir...*): \*obedezco → *obedezo*, \*traduxese → *traducise...*
- Os rematados en *-uir* (*atribuir, construir, incluir...*): \*construio → *constrúo...*

— Os verbos *crer, ier* e *rir* teñen amalgamada a vogal radical e a vogal temática en case toda a conxugación: *les, le, lemos, lía, lin, lerei...*

— Algúns verbos ca 3.<sup>a</sup> conxugación que teñen como vogal radical **e** (*seguir, sentir, servir...*) ou **u** (*durmir, subir, fuxir...*) presentan alternancia vocálica no presente de indicativo: *sgo, segues, segue, seguimos, seguides, seguen; durmo, dormes, dorme, durmimos, dormides, dormen.*

— Ás veces, na conxugación irregular tamén se dan interferencias do castelán que debemos evitar. Estas son as más frecuentes:

<b>caber</b>	*cabo → <i>caibo</i>	*cupen → <i>couben</i>	*cabrei → <i>caberei</i>	*caba → <i>caiba</i>
<b>dar</b>	*din → <i>dei</i>	*diches → <i>deches</i>	*diu → <i>deu</i>	*dimos → <i>demcs</i>
<b>estar</b>	*estuvren → <i>estiven</i>	*estuvera → <i>estivera</i>	*estuveste → <i>estivese</i>	*estuvren → <i>estiven</i>
<b>haber</b>	*hubo → <i>houbo</i>	*hubera → <i>houbera</i>	*hubese → <i>houbese</i>	*habrá → <i>haberá</i>
<b>poder</b>	*puden → <i>puiden</i>	*pudeches → <i>puideches</i>	*pudera → <i>puidera</i>	*pudese → <i>puicese</i>
<b>saber</b>	*soupen → <i>souben</i>	*scupera → <i>soubera</i>	*soupese → <i>soubese</i>	*sepa → <i>saiba</i>
<b>valer</b>	*valo → <i>vallo</i>	*valga → <i>vallas</i>	*valdreí → <i>valerei</i>	*valdría → <i>valería</i>
<b>ir</b>	*vamos → <i>imos</i>	*vades → <i>ides</i>	*iba → <i>íá</i>	*íbamos → <i>iamos</i>

- Non son pronominais en galego os seguintes verbos: *acougar, adormecer, almorzar, baixar, caer, calar, cansar, casar, coller, comer, curar, deixar, enfermar, escapar, esperar, espertar, morrer, marchar, parar, rachar, romper, saír, sentar...*
- As P4 e P5 do copretérito de indicativo, do antepretérito e do pospretérito teñen formas graves (e non esdrúxulas como en castelán): *andabamos, andabades; andaramos, andarades; andariamos, andariades*. Pola contra, as mesmas formas do pretérito de subxuntivo son esdrúxulas: *andásemos, andásedes*.
- As formas do antepretérito de indicativo (*andara*) e do pretérito de subxuntivo (*andase*) non son intercambiables en todos os contextos. O antepretérito é un tempo de indicativo (o modo da realidade) e refírese a unha acción anterior a outra xa pasada: *Cando cheguei, ela xa marchara*. Pola contra, as formas co morfema –se pertencen ao subxuntivo (o modo da irrealidade) e fan referencia a accións posibles, pero non realizadas: *Agradecería que foses más amable. \*Aconselloulle que traballara moito. → Aconselloulle que traballase moito.*
- Verbos que pertencen a conxugacións distintas con respecto ao castelán.
  - Son da segunda conxugación: *abater, bater, combater, concorrer, converter, converxer, debater, derreter, discorrer, escorrer, espremer, incorrer, interromper, inverter, ocorrer, render, rexer, transcorrer, xemer...*
  - Son da terceira conxugación: *garantir, inserir, posuír, reflectir, tusir...*
- A perífrase verbal *ir + infinitivo* non debe levar nunca a preposición *a* como elemento de enlace: *\*Vou a botar unha soneca. → Vou botar unha soneca.*
- Por interferencia do castelán, adóitase empregar erroneamente o verbo *facer* nestes contextos temporais:
  - Con expresións de tempo atmosférico, en lugar de *ir*: *\*Hoxe fai moito frío. → Hoxe vai moito frío.*
  - Con expresións de tempo cronolóxico, en lugar de *haber*: *\*Fai moito tempo que non a vexo. → Hai moito tempo que non a vexo.*



*Hoxe vai moito frío.*

○ **★★★** Completa estas oracións coa forma conveniente de cada verbo (ten en conta que todos son regulares). Indica que persoa, número, tempo e modo usaches en cada caso. Sigue o modelo.

*A televisión inflúe* (*influir*) de más na xente.


► P3 presente de indicativo

- Puxérонse a berrar e ..... (interromper) a conferencia.
- Se ..... (acabar) a tempo, podería acompañarte.
- Non creo que o adestrador me ..... (substituír) mañá no partido.
- Cando volvín á súa casa, eles xa ..... (converter) ese dormitorio nunha biblioteca.
- Onte ..... (combater) dous boxeadores polo campeonato do mundo.
- Non sei que bebida escoller..... (elixir) ti.
- Onte ..... (andar) dous quilómetros máis ca o domingo pasado.
- Oxalá sexas ti quen ..... (traducir) a novela.

○ **★★★** Completa estas oracións coas formas adecuadas do presente de indicativo dos verbos entre parénteses.

- O sinal ..... (advertir) do perigo de derrubamento.
- Eses gandeiros ..... (muxir) as vacas dúas veces ao día.
- Xosé sempre ..... (conseguir) o que quiere.
- Ten coidado co que dis: ás veces as palabras tamén ..... (ferir).
- Gústame traballar con Ana e Luís: elas sempre ..... (suxerir) ideas moi interesantes.
- Ese xersei non me ..... (servir): é pequeno.
- Agora o neno ..... (durmir) apraiblemente no sofá do salón.
- Iria ..... (lucir) un precioso vestido azul.
- Elas ..... (mentir) descaradamente.
- A mesa ..... (medir) metro e medio de longo.
- Elas ..... (seguir) usando o mesmo coche.

- O** ★★☆ Transforma estas oracións cambiando as formas verbais conjugadas por outras do presente de indicativo (ten en conta que algún dos verbos é irregular). Despois indica cales son os verbos que presentan alternancia vocalica.
- Proferín un berro e acudiron todos correndo.
  - Comparecín esta mañá para dar conta dos resultados das pescudas.
  - Sempre mediches mal as túas forzas e nunca conseguiches o que querías.
  - Durmiu coma un leirón toda a noite e non deu espertado a tempo.
  - Crías que eras insustituíble, pero xa viches que non; cumpría ser máis modesto.
  - Riu ás gargalladas cando se sentiu nervioso.
  - A vindeira semana concluirán as obras do pavillón polideportivo.
  - Ela viña visitarme cada domingo, mais hoxe non acudi á cita.
  - Caín da burra: daquela foi el quen fuxiu cos cartos.
  - Divertiuse moito cando aparecín facendo pallasadas.
- O** ★★☆ Completa as seguintes oracións coas formas do presente de subxuntivo na persoa gramatical axeitada.
- Pídoch que .... (ir) alí outra vez e lle .... (dixir) o que acordamos.
  - É mellor que o .... (asumir) canto antes e que .... (seguir) o noso camiño.
  - Para que el che .... (facer) un, teslle que pedir catro.
  - Oxalá nunca .... (sentir) o que sentín eu cando vin toda aquela desfeita.
  - Cando .... (saber) o que queres fazer, avísame.
  - Hoxe cómpre que .... (saír) antes para que .... (poder) asistir á reunión.
  - Para entrar quizais nos .... (valer) con presentar o carné de socio.
  - Talvez .... (caber) todos se nos achegamos un pouquín máis.
  - Entendino perfectamente, non é necesario que mo .... (traducir).
  - Se traballamos arreo, poida que .... (concluír) todas as tarefas antes do mediodía.
- O** ★★☆ Transforma estas oracións de xeito que introduzas nelas unha forma do infinitivo conjugado. Fixate no modelo.
- Se vés antes das dez, poderei acompañarte.* →  
*De vires antes das dez, poderei acompañarte.*
- A pesar de que poñedes toda a vosa vontade, non o dades conseguido.
  - Antes de xantar, temos que lavar ben as mans.
  - Que cumprás o prometido é o que deberías facer sempre.
  - Cando entren, poñémonos todos a aplaudir.
  - Éche o mesmo que o fagas tu ou que o fagamos nós.
  - Agora non é o momento para que lle pidades cartos.
  - Se me axudan os nenos a ordenar o cuarto, poderemos ir un cuchiño ao parque.
- O** ★★★ Identifica as perifrases verbais destas oracións. Sinala a que tipo pertencen e que idea expresan.
- Cheguei onda ela e comecei a ollala fixamente.* →  
*comecei a ollar:* aspectual incoativa; comezo da acción
- Debeu de chover pola noite, pois a roupa está enhouenda.
  - Está a chegar, así que agardamos por ela.
  - Mil veces teño feito eu ese camiño.
  - Traballamos ou andamos a enredar?
  - Imos pasear pola praia porque hai marea baixa.
  - Aínda ten todo o entendemento e debe andar polos noventa anos.
- O** Corrixe as formas verbais incorrectas.
- Xa non quedaban entradas, así que vamos a ir mañá.
  - Chegoume unha carta pedindo axuda para o proxecto, pois sigue sen financiamento.
  - Imaxina que chegara coas mans baleiras: que crees ti que houbera pasado?
  - Se pudera saírmel hoxe, non agardaba a mañá.
  - El podrá decir o que queira, pero quen manda sou eu.



*Eles andaban unha hora cada día.*

O verbo **andar** é regular, xa que non presenta variacións na raíz: *ando, andei, andarán...*

RAÍZ	VT	MMT	MNP
and-	-a-	-ba-	-n

*María é taxista.*

Os **verbos copulativos**, tal e como o seu nome indica, serven de unión entre **suxeto** e **atributo**, e o seu contenido léxico é mínimo.



## Clasificación dos verbos

O verbo é a clase de palabra más completa e tamén más complexa (polos significados que achega, polas relacións que establece con outras palabras da oración...), de aí que se preste a que o observemos dende diferentes puntos de vista. Así pois, as clasificacións dos verbos poden ser diversas segundo a perspectiva dende a que os contemplemos. Por exemplo, podemos clasificalos dende unha perspectiva formal ou morfosintáctica.

— Dende unha **perspectiva formal**:

- **Verbos regulares / verbos irregulares**

Os verbos regulares manteñen a raíz inalterada en todos os tempos e modos (*andar, falar...*). Os irregulares presentan variacións na raíz e/ou nos morfemas (*facer, saber...*).

- **Verbos da 1.ª, da 2.ª ou da 3.ª conxugación**

Os verbos da primeira conxugación teñen como vogal temática -a- (*andar, cantar, traballar...*); os da segunda conxugación, -e- (*beber, comer, varrer...*); e os da terceira conxugación, -i- (*sentir, partir, vivir...*).

- **Verbos defectivos / verbos plenos**

Os verbos defectivos: carecen dalgunha forma na súa conxugación (*amenecer, atinxir...*). Os verbos plenos presentan a flexión completa en todos os tempos e persoas (*andar, comer, vivir...*).

— Dende unha **perspectiva morfosintáctica**:

- **Verbos copulativos / verbos predicativos**

Os verbos copulativos son os que carecen de significado léxico, pois apenas lle engaden significado á oración, constituíndo simples enlaces entre suxeito e atributo (*ser, estar, parecer, semellar*): *María é taxista.*

Os verbos predicativos son os que posúen significado léxico (*andar, conducir, durmir...*): *María conduce moi ben.*

- **Verbos transitivos / verbos intransitivos**

Os verbos transitivos van seguidos dun complemento directo que completa o seu significado (*comer, esquecer, mercar, romper, ter...*): *María ten un coche branco.*

Os verbos intransitivos non levan nunca complemento directo, xa que non o necesitan para completar o seu significado (*berrar, pasear, saír, sorrir, vuvar...*): *María sorrí a miúdo.*

- **Verbos impersonais**

Os verbos impersonais non teñen suxeito e só se empregan na P3 (*amencer, chover, nevar, orballar, ventar...*): *Orballou todo o día.*

- **Verbos pronominais**

Cs verbos pronominais van acompañados necesariamente dun pronome persoal átono, que concorda en número e persoa co suxito (*arrepentirse, atreverso, constiparse, dignarse, queixarse...*).

# SOLUCIÓNS ÁS ACTIVIDADES

- ★★☆ Completa estas oracións coa forma conveniente de cada verbo (ten en conta que todos son regulares). Indica que persoa, número, tempo e modo usaches en cada caso. Sigue o modelo.

A televisión **inflúe** (*influir*) de máis na xente.

→ P3 presente de indicativo

- Puxéronse a berrar e **interromperon** a conferencia.
- Se **acabase** a tempo, podería acompañarte.
- Non creo que o adestrador me **substitúa** mañá no partido.
- Cando volví á súa casa, eles xa **converteran** ese dormitorio nunha biblioteca.
- Onte **combateron** dous boxeadores polo campionato do mundo.
- Non sei que bebida escoller. **Eixe** ti.
- Onte **andamos** dous quilómetros máis ca o domingo pasado.
- Oxalá sexas ti quen **traduza** a novela.

- ★★☆ Transforma estas oracións cambiando as formas verbais conjugadas por outras do presente de indicativo (ten en conta que algún dos verbos é irregular). Despois indica cales son os verbos que presentan alternancia vocalica.

- **Profiro** un berro e **acoden** todos correndo.
- **Comparezo** esta mañá para dar conta dos resultados das pescudas.
- Sempre **mides** mal as túas forzas e nunca **consegues** o que **quieres**.
- **Dorme** coma un leirón toda a noite e non **dá** espertado a tempo.
- **Cres** que **es** insustitúible, pero xa **ves** que non; **cómpre** ser más modesto.
- **Ri** ás gargalladas cando se **sente** nervioso.
- A vindeira semana **conclúen** as obras do pavillón polideportivo.
- Ela **vén** visitarme cada domingo, mais hoxe non **acode** á cita.
- **Caio** da burra: **agora é** el quen **foxe** cos cartos.
- **Divírtese** moito cando **aparezo** facendo palladas.

- ★★☆ Completa estas oracións coas formas adecuadas do presente de indicativo dos verbos entre parénteses.

- O sinal **advirte** do perigo de derrubamento.
- Eses gandeiros **moxen** as vacas dúas veces ao día.
- Xosé sempre **consegue** o que quiere.
- Ten coidado co que dis: ás veces as palabras tamén **feren**.
- Gústame traballar con Ana e Luísa: elas sempre **suxiren** ideas moi interesantes.
- Ese versei non me **serve**: é pequeno.
- Agora o neno **dorme** aprablemente no sofá do salón.
- Iria **loce** un precioso vestido azul.
- Eles **menten** descaradamente.
- A mesa **mide** metro e medio de longo.
- Elas **seguen** usando o mesmo coche.

- ★★☆ Transforma estas oracións de xeito que introduzas nelas unha forma do infinitivo conjugado. Fixate no modelo.

*Se vés antes das dez, poderei acompañarte.* →  
*De vires antes das dez, poderei acompañarte.*

- A pesar de **poñerdes** toda a vosa vontade, non o dades conseguido.
- **Ao xantarmos**, temos que lavar ben as mans.
- **Cumprires** o prometido é o que deberías facer sempre.
- **Ao entraren**, poñémonos todos a aplaudir.
- Éche o mesmo **facérelo** ti ou que o fagamos nós.
- Agora non é o momento para **lle pedirdes** cartos.
- **De me axudaren** os nenos a ordenar o cuarto, poderemos ir un cachiño ao parque.

- ★★★ Identifica as perifrases verbais destas oracións. Sinala a que tipo pertencen e que idea expresan.

*Cheguei onda ela e comecei a ollala fixamente.* →  
*comecei a ollar:* aspectual incoativa; comezo da acción

- ★★ Completa as seguintes oracións coas formas do presente de subxuntivo na persoa gramatical axeitada.
- Pídoch que **vaias** alí outra vez e lle **digas** o que acordamos.
  - É mellor que o **asumas** canto antes e que **sigas** o noso camiño.
  - Para que el che **faga** un, teslle que pedir catro.
  - Oxalá nunca **sintas** o que sentín eu cando vin toda aquela desfeita.
  - Cando **saibas** o que queres facer, avísame.
  - Hoxe cómpre que **saias** antes para que **poidas** asistir á reunión.
  - Para entrar quizais nos **valla** con presentar o carné de socio.
  - Talvez **caibamos** todos se nos achegamos un pouquín máis.
  - Entendino perfectamente, non é necesario que mo **traduzas**.
  - Se traballamos arreo, poida que **concluamos** todas as tarefas antes do mediodía.

- ★★★ Identifica as perifrases verbais destas oracións. Sinala a que tipo pertenecen e que idea expresan.

*Cheguei onda ela e comecei a ollala fixamente.* → *comecei a ollar:* aspectual incoativa; comezo da acción

- Debeu de chover pola noite, pois a roupa está enchou-pada. **Modal hipotética**
- **Está a chegar**, así que agardamos por ela. **Aspectual imperfectiva (durativa)**
- Mil veces **teño feito** eu ese camiño. **Aspectual reiterativa**
- Traballamos ou **andamos a enredar**. **Aspectual imperfectiva**
- **Imos** pasear pola praia porque hai marea baixa. **Temporal de futuridade**
- Aínda ten todo o entendemento e **debe andar** polos noventa anos. **Modal hipotética**

- Corrixe as formas verbais incorrectas.

- Xa non quedaban entradas, así que **vamos a** ir mañá. **imos**
- Chegoume unha carta pedindo axuda para o proxecto, pois sigue sen financiamento. **segue**
- Imaxina que **enegara** coas mans baleiras: que **eres** ti que **heubere pasado?** **chegase**
- Se **pudera** sairmo hoxe, non agardaba a mañá. **cres**
- El **pedrá decir** o que queira, pero quen manda **son** eu. **pasaría**
- **Puidese** dizer que poderá dicir